

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía do 4 de xaneiro de 2012, procedeuse a aprobación das seguintes Bases:

BASES PARA A SELECCION DE DOUS PEÓNS MEDIOAMBIENTAIS MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA.

1º. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a presente convocatoria a selección de dous peóns medioambientais para o arranxo, limpeza, poda e mantemento dos xardíns e espazos verdes municipais mediante contrato de duración determinada a tempo completo durante seis meses. O salario é de 780 €uros brutos mes incluídas as pagas extraordinarias.

Así mesmo, poderán realizar aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

2º. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso de méritos dos candidatos, entrevista e proba práctica.

Os méritos acreditados polos aspirantes valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado 6 destas bases.

3º. REQUISITOS DOS ASPIRANTES .

Para poder tomar parte na oposición será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Pertencer a calquera dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.
Os estranxeiros que non pertencan a algún dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ao que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, coa autorización pertinente e non ter cumpridos os 65 anos.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo. A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ao día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, no caso de ser seleccionado
- d) Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de incompatibilidades referidos ao persoal das administracións públicas.
- e) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

f) Carne de Conducir B

4º. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo no rexistro do Concello de Muros declarando cumprir todos os requisitos establecidos no punto anterior, ademais a seguinte documentación:

-DNI

-Carne de Conducir

-Documentación acreditativa dos méritos. A experiencia laboral acreditaranse mediante copia do contrato de traballo ou equivalente, e vida laboral. Non se admitira máis documentación que a presentada con anterioridade a data límite de presentación de solicitudes.

A solicitude tamén se poderan presentar por calquera outro medio establecido no artigo 38.4 da lei 30/1992 de procedemento administrativo, neste caso é preciso remitir o mesmo día, ao fax nº 981762257 copia da solicitude.

O prazo para a presentación de solicitude rematará o vindeiro día **16 de xaneiro as 14:00 horas.** A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

5º. RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Rematado prazo de inscrición, publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos, tendo os aspirantes un prazo de dun día dende a publicación da mesma para presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de non haber reclamacións esta lista provisional entenderase definitiva.

6º. MÉRITOS.

1. Servizos prestados. Puntuación máxima de 2,00 puntos.

1.a) Por servizos prestados no Concello de Muros, en postos de traballo de contido semellante ao da praza a que se opta: 0,1 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

1.b) Por servizos prestados noutras Administracións Públicas, en postos de traballo de contido análogo ou categoría semellante ao da praza a que se opta: 0,05 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

1.c) Por servizos prestados noutras empresas en postos de traballo de contido semellante ao desta praza 0,03 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

2. Titulación: Valorarase neste apartado as titulacións relacionadas co posto de traballo. A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos

2.a) Título de Ciclo Superior de F.P. ou equivalente, 2 puntos.

2.b) Título de Ciclo Medio de F.P. ou equivalente, 1 punto.

3. Formación: Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.

3.a) Cursos de máis de 200 horas: 1 punto

3.b) Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

3.c) Cursos de 70 a 100 horas: 0,50 puntos.

3.d) Cursos de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.

3.e) Cursos que 15 a 40 horas: 0,20 puntos.

3.f) Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

3.g) Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

4.- Outros méritos. Coñecemento do Terreo, Máximo 1 punto

4.a) Empadroado durante os últimos catro anos a data de aprobación destas bases, 1 punto

4.b) Empadroado antes da aprobación de estas bases, 0,5 puntos

Esta valoración acreditarase de oficio por parte do Concello.

5.- Entrevista: a puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos. O tribunal establecerá os candidatos que pasan a esta proba, e que como máximo será de 30 aspirantes, segundo a maior puntuación acadada nos catro apartados anteriores. A entrevista ten por finalidade avaliar a dispoñibilidade dos/as aspirantes, a súa adecuación ao posto de traballo, o seu perfil profesional e o coñecemento das materias propias do posto de traballo, así como outros que considere o tribunal.

6. Proba práctica. A puntuación máxima nesta proba é de 4 puntos. Realizarán esta proba os cinco aspirantes con mais puntuación da fase do concurso e entrevista. Esta proba consistira na realización práctica de diversas tarefas relacionadas co posto de traballo como o uso dunha desbrozadora, manexo dun dumper, poda de árbores e outras que o tribunal considere oportunas.

7º. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal estará composto por:

PRESIDENTE: Joaquin Jose Barreiros Pais, suplente, Xurxo Formoso Rama.

SECRETARIO: Eva Pais Tajés, suplente, Remedios Lamela Lema.

VOGAL:, Manuel Pais Louro, suplente, Jorge Rama Formoso.

O tribunal resultante non poderá constituírse e actuar, sen a presenza, cando menos da maioría simple dos seus membros. Así mesmo estes membros deberán absterse cando concorran algunha das causas previstas no artigo 29 da Lei 30/92, podendo os aspirantes, recusar ós membros do mesmo cando se dean algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da citada Lei.

8º. RESOLUCIÓN.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, establecendo un prazo dun día para presentación de reclamacións, no caso de existiren estas reunirase novamente o tribunal para resolvelas. En caso de empate entre dous ou mais candidatos, este desfarase por mais puntuación na experiencia laboral, formación, e entrevista respectivamente, en caso de persistir o empate, este desfarase póla súa idade tendo preferencia as persoas de mais idade.

Nas listas establecerase titulares e suplentes. Estas listas poderán empregarse para cubrir as necesidades do Concello de cubrir postos de traballo das mesmas ou semellantes características, ben sexan substitucións ou necesidades novas, sen

necesidade de que teña que volver a reunirse o tribunal. Estas listas estarán en vigor ata a realización de outro proceso selectivo das mesmas ou similares características.

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación segundo o orde de puntuación a Alcaldesa – Presidenta do Concello. Aprobada por decreto de Alcaldía, a proposta do Tribunal, notificarase ao interesado para que subscriba o contrato laboral, .

A comunicación da selección do candidato poderá realizarse telefonicamente, e no caso de que rexeite a contratación deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo de dous días naturais. Se o candidato non o comunica debidamente, o funcionario que realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia en tal sentido de renuncia do candidato .En caso de que o rexeite non sexa por causas xustificadas, o candidato será excluído das listas

9º. INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación das mesmas.